

A recepción popular de Rosalía

Carlos Baliñas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BALIÑAS, CARLOS (2012 [1986]). “A recepción popular de Rosalía”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 163-177. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2184>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BALIÑAS, CARLOS (1986). “A recepción popular de Rosalía”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 163-177.

* Edición dispoñíbel desde o 13 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A RECEPCIÓN POPULAR DE ROSALÍA

CARLOS BALIÑAS
Universidade de Santiago

Matinando na súa morte, escribiu un día Miguel de Unamuno esta estrofa que haberá de inqueda a calquera lector seu:

“Aquí os deixo mi alma-libro
hombre-mundo verdadeiro;
cuando vibres todo entero,
soy yo, lector, que en ti vibro”

Tiña e non tiña base Unamuno para esta afirmación. A pesar desta posibilidade de circuíto dereito, ás veces moi intenso, entre autor e lector no intre da lectura, logo que o escritor morre xa queda reducido a mera *res litteraria*, obxecto de “comercio literario” na acepción máis nobre e tamén na máis vulgar da palabra. Mentres vive, a persoa reforza o escritor e, en casos, pode ser tanta a forza desa personalidade que o escrito inflúe máis por esta ca polo contido. Ora ben, desaparecida a persoa, a súa mensaxe queda reducida a esa cousa tan lene que son unhas letras nun papel. A pesar de que na lectura o lector poida conectar coa persoa do autor —“soy yo, lector, que en ti vibro”—, despois de morto o escritor xa non pasa de se-lo autor dunha obra consumada e esta queda en poder dos literatos ou “letrados”, literalmente os profesionais da “letra”: editores, críticos, comentaristas e profesores. Son estes os que interpretan a obra e os que fan, desfán ou refán a sona do autor. Por uns deles —os editores— é como o escrito pode ir chegando ás sucesivas promocións de lectores. Os outros engádenlle a súa persoal valoración en forma de glosa ou de evocación. Lembremos, para fixar unha mostra de cada posibilidade, o que cos clásicos casteláns fixo Azorín: unhas veces *opinando* acerca deles; outras, *evocando* a persoa do autor.

Sen embargo, a pesar deste “comercio”, o escritor —o escritor moderno, porque cos antigos non sempre ocorría o mesmo— escribe para lectores cada un dos cales o lerá en soidade e en soidade dará tamén a súa resposta. Dirixíndose a calquera indeterminado —polo tanto, a todos—, diríxese a cada un en privado, na intimidade. Desde a súa soidade apela a un lector tamén en soidade. Hai tempo que, a diferenza do que ocorría na antiga Grecia, rara vez hai lecturas públicas como non sexa de escritos relixiosos. Por iso tamén a resposta do lector, se a hai, ocorre normalmente en soidade. Unicamente en casos singulares —con ocasión se cadra dun aniversario— se lle fai ás veces unha homenaxe ou valoración conxunta na que agurgullará o sentir dun colectivo, aínda respondendo cada un por si. Tal é a transmisión culta, esa que non

esixe salto de nivel e consiste meramente nunha comunicación continuada de individuo a individuo por riba do cambio de épocas e sensibilidades, en base á escritura.

Tal é o normal. As cousas, sen embargo, non ocorren exactamente así no caso do escritor popular, quero dicir agora, no caso do escritor culto que o pobo asume (1). Con mentes de fixar unha comparanza allea e non comprometida co tema, pénsese na diferenza, dentro da literatura castelá entre o ocorrido con dous poetas do noso século e case coetáneos: Juan Ramón Jiménez e Antonio Machado. O primeiro —“a la inmensa minoría siempre”— leno, admíranlo e gústano unicamente outros literatos ou persoas de instrución semellante, xentes de gusto refinado e mesmo exquisito. Nin pretendeu nin chegou a ser popular. En cambio, e sen que isto signifique superioridade —xa que se trata de dous poetas incomparables—, versos de Machado figuran a miúdo como lemas ou “mottos” en libros de escritores sociais e políticos, algún pasou a letra de canción de “música lixeira”, non poucos pódense citar sen case ter necesidade de mencionalo autor. Machado é, relativamente un poeta popular. Claro que se, sempre dentro dos poetas, se colle a Bécquer topariamos que, polo menos ata non hai moito tempo, tiña aínda un círculo de popularidade máis amplo, do que non quedaban fóra máis que as capas iletradas. Cabe aínda maior extensión de popularidade, pero seguramente a costa de perder calidade e deixar de pertencer propiamente ó gremio da literatura.

Do escritor popular fálase na prensa e nos medios extraliterarios. Á parte de pola lectura persoal, a súa obra chega ó público por citas en libros e polos *mass media*; no caso dun poeta, ademais, por declamacións públicas ou como letra de canción ou, se cadra, como canción ou recitado “de berce”. Por iso, cando morre un escritor popular, queda menos entregado ós literatos e profesionais da letra. Dispón dunha sona que lle gaña lectores ou, polo menos, admiradores fóra dos círculos habituais de lectores de literatura e, en casos, crea unha demanda editorial que funciona extramuros do gremio literario. ¿Quen dos “medios literarios” fala nas súas clases, conferencias e revistas da novela *La Casa de la Troya* e Pérez Lugín? Teríano a menos. E, sen embargo, a novela reeditouse e foi levada ó cine e aínda se le, aínda que desde un principio carecece da “licencia literaria”. O escritor popular é menos *res litteraria*.

Este é un dos xeitos de ser, o escritor, popular. “Ser popular” significa, neste caso, gozar de “popularidade”, ou sexa, chegar a círculos de lectores afastados da literatura, pouco esixentes de calidade e, se cadra, ata pouco lectores. Pero hai outro: tamén se pode chegar a popular por te-lo escritor asumido o *ethos* profundo dunha comunidade étnica —dun “pobo”—. Nese caso, a difusión viralle, non de expresa-los sentimentos máis comúns e espontáneos —o amor, a nostalxia, o chovinismo, o resen-

(1) Insisto en que neste traballo por “escritor popular” refírome ó escritor culto que asume o que o pobo asume. Claro que hai outro tipo de escritor popular: ese que simplemente pon en escrito o que o pobo pensa, di e quere (autores anónimos de coplas e romances, reporteiros de prensa, redactores de “revistas de corazón”, escritores de literatura erótica ou de aventura para consumo das masas). Este tipo de escritor non precisa de “recepción” popular; xa era pobo, anque se cadra non o mellor del.

timento— senón de ter dado expresión e, por iso, contactado coa ánima —coa peculiaridade fonda dunha comunidade, que outros non querían ou non atinaban a expresar—. Entón o pobo que o le sente que o por el expresado coincide co que el quería expresar e non sabía dicir, e prodúcese a identificación afectiva: o pobo percibe que aquel é o seu poeta e este que aquel é o seu pobo.

En calquera dos dous casos de popularidade, se o escritor é culto —se é “literato”, especialista da “letra”—, para que chegue ó pobo non “literario” e mesmo iletrado, haberá de ocorrer o que se denomina “recepción”. Na transmisión entre persoas cultas non ocorre máis ca iso: unha transmisión de persoa a persoa dentro do mesmo nivel. Da “recepción” propiamente dita fálase cando se arrinca de diverso nivel cultural e xa se sabe que ese descenso ou salto non ocorrerá sen algunha acomodación conforme a aquel vello apotegma escolástico: *Quidquid recipitur, ad modum recipitur* (“O recibido recíbese conforme ó receptor ou recipiente”). Pois ben, a recepción popular dun escritor culto, tantas veces esquecida ou menospreciada polo gremio literario ocupado coas súas “bibliografías”, constitúe un fenómeno cultural altamente significativo e importante tanto para a sociedade receptora como por condiciónar e influír na mesma aceptación culta.

Con esta mínima teoría xeral, pasemos a analiza-lo caso que nos ocupa, que vai ser precisamente unha das súas mellores confirmacións: un caso “crucial”, como o *experimentum crucis* de antigas metodoloxías.

2. Que desde a súa morte tamén Rosalía, igual ca outro calquera, pasase a ser *res literaria* e que, por fortuna, tamén críticos eruditos e profesores de literatura acabasen por se ocupar dela, podería levar a unha idea inexacta de como en realidade ocorren as cousas. En vida pouco se relacionara co gremio literario (2). Non foi unha “poeta coronada”, non recibiu homenaxes, non foi membro de ningunha Academia e, pasada a etapa de Madrid, non parece que participase máis en tertulias literarias. Se exceptuamos un intre de mocidade, nin tan sequera se presentou a ningún concurso poético, como aqueles “Xogos Florais”, tan de modo no seu tempo, en busca da consabida “Flor Natural”. Non é que refugase de todo entrar nos circuitos literarios —sabemos que en *Cantares Gallegos* fixo adicatorias e para *Follas Novas* solicitou un prólogo de escritor famoso— pero, conforme avanzaba en idade, foise recluindo en si mesma. Reciprocamente tampouco os medios literarios lle prestaron moita atención a ela. Certo que, dentro do eido da poesía galega, xa en vida foi imitada e deu orixe a toda unha escola costumista (1880: *Saudades Gallegas*, de Lamas Carvajal e *Aires da miña Terra*, de Curros Enríquez), pero non había aquí daquela —aínda non a hai hoxe— unha crítica literaria que fixese opinión pública. En canto á súa obra en caste-

(2) Por se fose necesario algún testemuño, valla o do seu esposo: “El mismo cuidado que otros ponen en dejarse ver y conquistar un puesto en el mundo literario, puso ella en escapar a sus vanos ruidos y peligrosas facilidades. Los versos que en horas de tristeza se escapaban de sus labios, eran olvidados al día siguiente”. Etc. (M. Murguía, *Los Precursores*, pp. 179-190. La Coruña, 1885. Edición facsímil de “La Voz de Galicia”, Coruña, 1976).

lán, a prosa nunca tería moito éxito e a poesía que merecía telo —a de *En las orillas del Sar*—, tardou en conseguilo porque as famas facíanse e desfacíanse nos círculos madrileños, dos que ela vivía afastada. Por considerable que teña chegado a ser máis tarde a aceptación polos círculos literarios, tardou en ocorrer e non tería ocorrido como ocorreu de non ser porque antes o pobo galego a asumiu como poeta emblemática e tamén os alleos a viron así. Por poeta *galega* —e non soamente por poeta— (3) mereceu xa en vida a consideración de Emilio Castelar e logo, no noso século, a de Unamuno e Azorín, valedores cara outros posteriores.

Quen desde un principio asumiu a súa obra poética entusiasticamente a partir de *Cantares Gallegos* foi o pobo galego: esta obra, mesmo o pobo iletrado, e as dúas posteriores, aqueles estratos cultos que se identificaban do popular: poetas, emigrantes que ascenderan de nivel cultural, estudantes, xentes varias con preocupacións político-sociais. Se os círculos literarios —críticos, académicos, profesores— tardaron en facelo, en descargo deles cómpre alegar, non soamente que elas non os frecuentase senón tamén que a súa temática ou cando menos a ambientación desta resultaba para moitos localista e mesmo pouco poética: a lingua que adoptou parecíalle a non poucos un *patois* rural e os costumes que cantaba eran os dunha capa social analfabeta, pobre e ruda; mesmo a paisaxe que ela loaba tiña sonda de fea (Polo prólogo a *Cantares Gallegos* comprobamos canto prexuício tivo que superar). O caso é que, se tivo éxito como poeta, foi porque se veu nela a poeta *galega*.

Esta recepción popular debeu ir ocorrendo paseniño e solemniño —se cadra ela non chegou a se decatar de ata que punto estaba ocorrendo—, pero estalaría de súpeto e con estroncio ó pouco de morrer ela. Xa a conmoción suscitada polo seu pasamento indicaba que callara fondo na xente: periódicos houbo que converteron en esquela mortuoria a primeira plana do número inmediato (Tal ocorreu co diario de Santiago “La Gaceta de Galicia” e coa revista “O tío Marcos da Portela” que en Ourense editaba Lamas Carvajal). A 19 de agosto daquel ano do 1885 —polo tanto, a pouco máis dun mes do pasamento— xa unha revista galega do Uruguay, “La Unión Gallega”, propoñía adicarlle unha homenaxe colectiva, que non se sabe se se chegou a celebrar. Despois viría a velada-homenaxe na Coruña, na que entrevistou, entre outros, a Condesa de Pardo-Bazán, se ben para matizar que os seus versos máis valiosos foran os de tema costumista xa que no resto a escritora coruñesa non vía máis ca unha repetición daquelas “Vaguedades” tan de moda naqueles tempos aínda de romantismo serodio. Alguén que non lle fose devoto puido calcular, sen embargo, que eses fosen os típicos entusiasmos que normalmente ocorren a raíz da morte de calquera escritor, ós que seguiría o consabido esquecemento, que tamén acostuma ocorrer nos anos seguintes, ou definitiva ou ata que, no mellor dos casos, o “descubra” unha xe-

(3) A Rosalía non lle acae ben, para o meu gusto, chamarlle “poetisa”. Sempre trae problema iso de, co mesmo xénero, designalo sexualmente indiferenciado e, por antonomasia, o masculino. Dese modo a variante feminina resulta marcada. Aínda sendo moi feminina, o tono anímico en que ela se instala subxace á diferenciación de sexos. Prefiro, por iso, servirme de xénero verbal masculino a modo do que os gramáticos chaman “epiceno”.

ración posterior. Pero non foi así. Antes de cumprirse o sexto cabodano, ía ocorrer algo aínda raro en países tradicionalmente máis cultos, sen precedentes en Galicia e que tampouco se ten repetido con ninguén; o ano 1891 as súas cinzas son exhumadas do cimiterio aldeán de Iria para ser depositadas nun templo de Santiago e nun monumento erixido por subscripción popular. Todo isto, como dí o tópico, a iniciativa privada, en “arrecendo de multitudes” e como inicio dun proceso de mitificación —canonización laica— que dista de ter terminado. A idea debeu extrañar a non poucos e comprendémo-las reticencias, se as houbo, da Autoridade Eclesiástica. ¿Cando se vira iso de trasladar a unha igrexa as cinzas dun escritor morto había tan pouco? ¿Tiña isto sentido cando aínda non había moito que se prohibira os enterramentos nos templos e cando o Estado establecera os cimiterios “civís”? Pase que se enterrase nun templo a algún “home público” de gran significación —na catedral de Logroño enterrarán non había moito ó Xeneral Espartero— ou ben a alguén que tivese prestado excepcionais servizos á Igrexa, pero ¿como se ía facer tal cousa cunha escritora que non salientara precisamente pola temática e o sentimento relixioso e que mostrara polo menos tanto as súas dúbidas como a súa fe? E, sen embargo, a iniciativa foi arriba. ¿Por qué e por quen?

De antigo viña a devoción dos emigrantes pola autora de “Adios ríos, adios fontes” e tantos outros poemas de saudade. Xa en vida de Rosalía unha de tantas sociedades como ían creando da banda de alá do Atlántico, a “Sociedad de Beneficencia de los naturales de Galicia” na Habana nomeárasa “socia honoraria” e seica a axudara economicamente para editar *Follas Novas*, libro que a esa Sociedade vai adicado. Pois ben, sería tamén na Habana onde xurdise a idea de trasladar os seus restos a un sarteño digno, a erguer por subscripción popular. En Galicia, pola súa banda e como consecuencia da publicación por Alfredo Brañas de *El regionalismo* (1889) creárase a “Asociación Regionalista”, que el animaba, con sede cabeceira en Santiago e da que era Presidente Murguía. Aínda que nacida con propósitos de mobilización patriótica máis xeral, ben logo os seus dirixentes se decataron da obriga moral e da conveniencia política de enaltece-la figura de Rosalía. Cos dous colectivos mencionados ían colaborar algunhas “forzas vivas” de Santiago que se agrupaban arredor dun personaxe local a mencionar máis adiante. Ora ben, a iniciativa non tería prosperado sen a popularidade e o respecto xeral que había pola poeta, ben evidenciado os días do traslado, cando a cidade enteira se botase á rúa para honra-la poeta. Con ocasión do traslado publicaríase tamén a primeira homenaxe literaria colectiva, á que seguirían dúas máis dentro da mesma década: unha en Buenos Aires (1897) e outra segunda en Santiago (1899).

Pódese considera-lo traslado dos restos un acontecemento extraliterario e non apreciar moito a calidade literaria dos traballos contidos neses tres folletos, que xeralmente nin se recollen nas bibliografías. Do que, en cambio, non caben dúbidas sensatas é da enorme eficacia propagandística que tiveron. Galicia asumía colectiva e publicamente a Rosalía como a súa voz poética. Cumpríase así a recíproca do que ela fixera. Un día case trinta anos antes a poeta, quen para entón xa debutara tamén como poeta en castelán e sobre temas xerais, asumira a lingua, a cultura popular e a demanda de honra para a súa Terra: agora esta asumíaa a ela oficialmente como voz e sím-

bolo do seu *ethos* e dos seus anxeos profundos. Eran aqueles os anos en que Galicia estaba creando os seus símbolos: a bandeira, o himno, a Academia, ademais de popularizalo do celtismo. Faltaba un poeta. Desde o remate do século a que oficialmente se chamara Rosalía Castro de Murguía ía ser para os galegos simplemente “Rosalía”.

Para comprender estes sucesos --que de seu non tiñan por que ocorrer e normalmente non ocorrerían-- cómpre instalarnos imaxinativamente no intre histórico e na mente dos protagonistas. No mes de setembro do 1885 Murguía en Iria --polo tanto aínda na casa da aldea da Matanza-- asinaba a adicatoria do seu libro *Galicia* á súa esposa, morta dous meses antes, e ós fillos que con ela tivera. O libro, que se editaría tres anos despois en Barcelona, viña ser unha especie de enciclopedia galega desde o enfoque dunha guía turístico-folclórica ó xeito decimonónico: o encargo de tal libro para unha colección famosa ¿non significaba que España abandonaba para con Galicia aquelas “vulgares preocupacións” que, vinte anos antes, tanto irritaban á autora de *Cantares Gallegos*? Aquel mesmo ano de 1885, as Deputacións Galegas, a iniciativa da “Sociedad Económica de Amigos del País” de Santiago, nomeáranos “Cronista Oficial de Galicia”. Tan favorable impresión lle causara que para a segunda edición do tomo III da súa *Historia de Galicia*, que aparecería en 1888, engadiu un segundo prólogo cheo dun optimismo “patriótico” que contrastaba co patético pesimismo do prólogo da primeira edición, publicada seis anos antes, vivindo aínda Rosalía. Parecía evidente que, ó fin algúns galegos despertaban do seu sono e Murguía xa se sentía con azos para evocalas orixes de todo aquilo: tal foi o tema de *Los Precursores* (1885). Por outra banda, ó ano seguinte presentábase ó público como poeta en galego con *Queixumes dos pinos* Eduardo Pondal. Iso significaba que á nómima dos grandes poetas aínda vivos do Rexurdimento (Lamas, Curros) sumábase outro que, ademais, se declaraba “bardo celta” e falaba de cousas como “redención”, “nación de Breogán” e outras congruentes. Pode parecernos hoxe un chisco desmesurado aquel xeito heroico de epopeia anacrónica, pero a cada quen cómpre xugalo desde o seu ambiente epocal e non de entón, aínda en pleno romantismo que entre nos viñera serodio, aquel tono producía forte impacto. Ó devandito, e por omitir outros datos, cómpre engadi-la impresión causada polo xa citado libro de Brañas *El regionalismo* (1889), que se titulaba “estudio sociológico, histórico y literario”; era a primeira vez que un catedrático universitario aportaba o seu saber e prestixio “académicos” ó movemento galeguista. ¿Pode sorprendere que de novo, como corenta anos antes no tempo dos “provincialistas”, outra vez fervea a prensa con proclamas e debates arredor do que agora se chamaba “rexionalismo”? Tal era a constelación de circunstancias dentro da que tivo sentido e posibilidade e apoteose popular de Rosalía, determinante de canto viría despois.

3. Porque non sempre se valora axeitadamente o que significou desde o punto de vista literario o solemne traslado das cinzas a Santo Domingo de Bonaval e porque son rareza bibliográfica de poucos coñecida os tres folletos que se lle adicaron con tal motivo, dando conta de cadansúa homenaxe, paga a pena deterse un chisco en analiza-lo suceso e mailos folletos.

Non era soamente a “Asociación Rexionalista” a que andaba daquela coa teima de rexenera-la súa Terra. Outro foro xurdira en Cuba —daquela aínda illa española— arredor da revista que se publicaba na Habana co título ben revelador de “Galicia moderna”. Del ía xurdir precisamente a iniciativa e maila subscripción popular para lle erguer a Rosalía “un monumento sepulcral en tierra gallega y labrado por gallega manos, no indigno por su magnificencia de la grandeza de la insigne muerta”. En Santiago, por outra banda, seguía viosa a antiga e benemérita “Sociedad Económica de Amigos del País”, presidida daquela polo empresario conserveiro e publicista de temas económicos, Joaquín Díaz de Rábago y Diez de Mier, quen faría súa a iniciativa dos paisanos de Cuba e levaría a representación deles nos actos. Ó cesar este pouco máis tarde no cargo, sucederíalle o catedrático da Universidade Don Ramiro Rueda Neira, que continuaría a encomenda. Díaz de Rábago sería quen, con Murguía, escollese como lugar axeitado para instala-lo sartego a capela da Visitación da igrexa de Santo Domingo de Bonaval. Sen embargo, o peso da organización levaríao a devandita “Asociación Rexionalista”, que tamén capitalizaría discretamente o seu significado político. Marxinado voluntariamente Murguía —que era o Presidente— por motivos de decoro, aparecerán en primeira liña o Vicepresidente, Alfredo Brañas Menéndez, e tamén un colaborador seu, o entón “catedrático auxiliar” da Facultade de Dereito, Salvador Cabeza de León, quen moitos anos despois sería o primeiro Presidente do “Seminario de Estudos Galegos”. Pola nómina dos protagonistas dos actos non cabe dúbida algunha do papel adiantado que no choio xogaron os líderes do movemento rexionalista.

Solicitadas as autorizacións de rigor, o 21 de maio o diario “El Correo Gallego” daba a noticia de que o Gobernador Civil da Coruña en escrito dirixido a Murguía concedía permiso para o traslado do cadavre. Seica coa autorización do arcebispado para o enterro nun templo houbo algún problema, pero ó cabo todo se arranxou. Así na mañá do 25 de maio puido viaxar a Padrón a comisión santiaguesa encargada de trae-lo cadavre. Con toda a solemnidade fúnebre de rigor, foi levado desde o cemiterio á estación de ferrocarril e trasladado nun vagón especial que chegou a Compostela ás cinco e media do serán. Despois do recibimento polas autoridades e representacións institucionais de todo tipo, o cadavre foi levado en carroza polas rúas da cidade ata a Praza da Universidade onde se celebrou unha breve e emotiva homenaxe literaria en presenza dunha chea de xente, pois o comercio fechara esa tarde e os “corpos escolares” déranse alí cita. Á noite quedou depositado o cadaleito no templo de Santo Domingo para ser velado. O enterro celebrouse ó día seguinte ás seis da tarde, despois dun solemne funeral presidido por un Xeneral que representaba ó Capitán Xeneral de Galicia e por outras autoridades civís, eclesiásticas e académicas, que por convicción ou comenencia non quixeran estar ausentes.

Interesan non soamente eses actos, senón tamén o tono do relato que deles fixo a revista “La Patria Gallega”, voceiro da “Asociación Regionalista” no número 5, correspondente ó 30 de maio daquel ano (4). A través desas páxinas chéganos a

(4) Esta revista, quincenal, que comezara a publicarse aquel ano, levaba por subtítulo “Bo-

alta tensión de entusiasmo popular que houbo e, non menos, o coidado que os organizadores puxeron en crea-las condicións axeitadas para unha mitificación. A parte da crónica, completa o número unha descripción do monumento, a Acta Notarial do traslado, diversas adhesións de prestixiosos escritores portugueses e cataláns e un ramallo de poemas en galego, castelán, catalán e valenciano. Aquel maio do 1891 nacíu o mito Rosalía, é dicir, iniciábase ese proceso, sempre enigmático e sutil, de sublimación da realidade polo que se esquecen as miserias e vulgaridades nas que puidera ter caído a persoa para que, dela, reluza soamente o ideal que nela se quere ver. Despois o proceso xa rodaría de seu porque os mitos, unha vez xurdidos, tenden de seu a medrar con tal de que non os estraguen manipulacións demasiado evidentes ou actos indecorosos.

O 15 de xullo do 1897, nun cabodano do pasamento, celebrarían os galegos de Buenos Aires a súa primeira homenaxe literario-social, primeira tamén do que se teña noticia na outra banda do Atlántico, se é que non se celebrou a proxectada en Montevideo en 1885 e non houbo antes algunha na Habana. Tamén os discursos alí pronunciados xunto coa crónica do acto, serían recollidos nun folleto que leva por título "A Rosalía de Castro en el duodécimo aniversario de su muerte, los gallegos residentes en la República Argentina" (5). O contido dos discursos carece de relevancia e a homenaxe mesmo estaba na liña das "veladas literario-musicáis" que a colonia galega adicara xa a outras "glorias" galegas como María Pita e Concepción Arenal. Ben se ve que non había alá ningunha "Asociación Rexionalista" para separar unhas figuras das outras. De todos modos seica xa algún airiño chegara dos ventos que soplaban na "patria", porque a bandeira galega —que por entón se estaba popularizando— ondeara, canda a española e maila arxentina, no acto que xuntara no "aristocrático salón" do *Prince George's Hall* a máis de dúas mil cincocentas persoas.

A homenaxe materializárase nunha coroa de bronce destinada a ser colocada no sartego e o cumprimento desta encomenda daría motivo para que en Santiago se organizase outra homenaxe literario-musical que, pola guerra cos Estados Unidos ó ano seguinte, demorárase deica os días 29 e 30 de maio do 1899. De novo a "Sociedad Económica de Amigos del País" ía servir de intermediaria dos emigrantes, organizando os actos de funeral e colocación da coroa, e de novo os "rexionalistas" bulirían para lle dar un contido galeguista á velada que tivo lugar ó día seguinte. Tamén esta sería recollida no correspondente folleto entusiástico (6). Nun dos párrafos da

letin Revista. Organo de la Asociación Regionalista" (Os rexionalistas, aínda que impulsaban e mesmo introducían esporadicamente o idioma galego, redactaban, sen embargo, as súas publicacións en castelán). O número, monográfico, consta de 18 páxinas e aparece impreso en Santiago (Est. Tipográfico de Diéguez y Otero). Dese relato e da prensa santiaguesa da época collín os breves datos que do traslado dou no texto.

(5) Buenos Aires, 1897. Tip. y Enc. de "El Correo Español", 80 pp. Leva dúas ilustracións gráficas cunha curiosa idealización do porte e fisonomía da poeta.

(6) O folleto leva este longo título: "Homenaje a Rosalía Castro de Murguía. Velada solemne celebrada en el Ateneo León XIII el día 30 de mayo de 1899 en que se puso sobre el mausoleo de la insigne poetisa la corona enviada por los entusiastas gallegos residentes en Buenos Aires" (Santiago. Tipografía Galaica. 1899. 28 pp.).

crónica revélásenos sen querer as intencións e horizonte dos actos tal como se vían os organizadores:

“Era la fiesta de la *pequeña patria*; era la manifestación solemne del pueblo gallego a la que fue su *símbolo*, a la que fue su ídolo, a la inolvidable Rosalía Castro de Murguía”.

Íso era e iso se quería que fose: un acto de afirmación patriótica. Por iso na velada literaria, ademais de escoitarse música enxebre, ondearía a bandeira branquiazul e os oradores —entre eles Alfredo Brañas e Salvador Cabeza de León— expresaríanse en galego, unha das primeiras veces que tal ocorría despois do comezo nos Xogos Florais de Tui oito anos antes.

Compría salientar estes tres folletos, porque se lle engadímo-la evocación biográfica que Murguía incluíra en *Los Precursores*, son os que inician a bibliografía rosaliana e establecen o tono no que, en diante, se vai ler e ver á escritora. Os estudos dos críticos literarios, dos académicos, dos profesores de Literatura virían despois. A Rosalía descubriuna e consagrouna o pobo. Non as capas iletradas, que iso non era posible e eia xa o prevera —“as multitudes dos nosos campos tardarán en ler estes versos”, deixara escrito no prólogo a *Follas Novas*—, pero si aquelas xentes da burguesía que, a contrarreloxio da cultura oficial española, asumían o sentir e o falar de labregos e mariñeiros. Andando os anos, tamén os especialistas e profesionais da literatura —críticos, antólogos, eruditos, profesores— íanse ocupar dela, pero xa sobre papel pautado. A pauta puxéranla os poetas e eses outros que, sen facer versos, son como poetas da política e da acción social e, por certo, persoas de mentalidade “conservadora”, non tanto ou non en absoluto xentes de ningunha Esquerda liberal ou socialista (7). Guste ou non, o “lanzamento literario” de Rosalía foi cousa do movemento rexionalista de Brañas e do grupo da “Sociedad Económica de Amigos del País” que con el colaboraba, á parte do labor anterior e posterior de Murguía. Os devanditos folletos, xunto coa evocación biográfica deste último en *Los Precursores*, puideron ser lidos máis ou menos, pero deixaron un ronsei co que non podería menos de contar a posterior apropiación culta, mesmo aínda que fose para discutila. Os fundadores relixiosos teñen adeptos; os políticos, partidarios; os científicos, admiradores. Soamente os poetas ou quen se lles pareza acadan “amigos”. Os outros tipos de relación son, máis ou menos, *inter vivos* ou, no caso dos fundadores relixiosos, por interme-

(7) No mes de xuño os rexionalistas organizarían os Xogos Florais de Tui, nos que Murguía e Brañas pronunciarían discursos en galego. No seu, Brañas felicitábase do éxito dos actos do traslado. Aínda cómpre salientar que algúns membros do clero tiveron certo protagonismo nos actos en honra de Rosalía. Un crego representou a Murguía no traslado dos restos da súa esposa. Outro crego trouxo de Buenos Aires a coroa regalada pola colonia galega, pronunciando discursos tanto na homenaxe de alá como na de Santiago (neste falou en galego). Se cadra con isto e co mesmo feito de estar enterrada “en sagrado” ten algo que ve-lo engadido na reedición de 1909 do poema “Tan sólo dudas...” para pechar *En las orillas del Sar*.

Tamén con Carros Enríquez se intentou algo semellante ó que con Rosalía —tamén houbo traslado dos restos e monumento público, antes houbera “coronación” — e, sen embargo, o poeta ourensán non callou no pobo, anque si e moito algúns poemas soltos.

dio dunha cadea ininterrompida *inter vivos*. Ó poeta os “amigos” pódennlle xurdir illados e como consecuencia de mera lectura individual. Sen embargo, desde os actos da traslación en 1891, xa dispoñía Rosalía dun colectivo de “amigos” dos cales a sucesión non se ten interrompido deica hoxe. Por iso puido ser moito menos *res literaria* ca outros escritores: desde os actos do 1891 era a poeta dun pobo. Despois, como era natural, téñennlle saído tamén outros “amigos” a título individual e, ata hoxe, hai dúas vías paralelas: a dos menos que ven nela a poeta —unha das poetas románticas, por máis detalles— e a dos máis que nela ven a poeta-galega.

4. Neste punto xa se pode interromper a crónica da recepción popular de Rosalía: desde o remate do século xa estaba coñecida e recoñecida como poeta e, concretamente, poeta do pobo galego. Referir como desde aquela a hoxe se mantivo e, mesmo, ampliou esa popularidade a pesar do relevo de persoas e do cambio de gustos resultaría entetido e por veces conmovedor —polos sacrificios xenerosos de tanta xentiña— e alguén deberá facelo algún día, pero desbordaría dos límites deste estudio. Aquí e agora parece preferible reflexionar un chisco sobre algunhas cuestións desde unha perspectiva teórica.

Ó fio do que vai dito xa o lector se terá decatado de que baixo a mesma verba —“pobo”, “popular”— agáchanse dous fenómenos culturais parcialmente diversos. Por “popular” enténdese a miúdo o que é coñecido de moita xente, potencialmente de todos; nese sentido dise dun toureiro ou dun político que é “moi popular” e chámasse “personaxe popular” a calquera individuo moi coñecido e tratado con familiaridade pola xente dunha aldea ou dunha vila. No caso de querer usa-las palabras con xeito para que as ambigüidades verbais non sirvan para confundir realidades diversas, da obra dun escritor ou artista culto que esta moi difundida, debería dicirse non que é “popular”, senón que está moi “divulgada”. Ó mellor, o autor é, ademais, popular, pero entón serao poio xeito da persoa —se é moi dado no trato e ten a simpatía de moita xente—. Se unha obra de autor culto se divulga moito deberase á súa escasa calidade ou a que se ten rebaixada de calidade para poñela ó escaso nivel do vulgo. Que usualmente se lle chame popular débese a que hai unha acepción da verba pola que, por pobo, enténdese por antonomasia aqueles estratos ou capas da poboación que, ó non teren calificación especial, non poden ser chamados máis ca pobo, pero “pobo” nesta acepción equivale ó que, desde un contexto cultural, se chama vulgo. O caso é, que efectivamente por pobo désígnanse a miúdo os proletarios, os labregos, os iletrados, os de oficios manuais; tal ocorre cando falamos da “xente do pobo” ou dicimos que *O catecismo do labrego* ten sido o libro galego máis “popular”. Os políticos revolucionarios e populistas saben aproveitarse ben desta ambigüidade, cando adulan ó “pobo” (nesta acepción) para intentar, mediante eles, apoderarse do poder sobre o pobo (na acepción de “poboación”).

Pero desde, polo menos o século pasado, está nitidamente illada outra acepción de “pobo”, significando a poboación dun territorio cando constitúe comunidade de pretérito e futuro e, polo mesmo, en canto expresa e mantén fiel a unha identidade cultural que é o seu patrimonio. Que sexan precisamente as capas menos cualificadas

culturalmente —o vulgo ou “pobo” na acepción primeira— as que manteñan máis pura esa idiosincrasia non pasa dun feito frecuente, pero que non sempre se cumpre (Así acostuma ocorrer no campesinado, pero non co proletariado industrial). Cando dun escritor se di que é a “voz do seu pobo” —nesta segunda acepción— non significa que, por forza, a súa creación sexa de escasa calidade culta ou que, mediante amaños, se abaixase de calidade para poñela a par do vulgo. Se tamén este chega a sintonizar co seu produto, aínda sendo este de superior calidade cultural, será porque ese escritor arrincou dun fondo pre- ou sub-literario no que se identifican cultos e iletrados.

O pobo, na acepción de vulgo, sintonizou desde moi axiña e moi emotivamente cun sector da poesía de Rosalía e cabe dicir dela que foi, en canto poeta, “popular” desde moi logo. Iso non significa, sen embargo, que fixese concesións ó vulgo; dificilmente se achan nas súas páxinas *facecias*, demagoxias e vulgaridades de calquera caste. O que sucede é que os asuntos que trataba eran dos que afectaban directamente ás xentes humildes e mesmo, cando estas non chegaban a entender ben outras, intuían con respecto que alí se agachaba algo valioso. Tal pasaba con aquela parte de *Follas Novas* e *En las orillas del Sar* que rebordaban dos temas “populares” propios de *Cantares Gallegos*. Confirma isto, *a contrario*, o que, en cambio, da súa prosa en castelán o “pobo” non se deu por informado. Agora ben, desde as homenaxes da década dos 90, xa era claro que Rosalía era “popular” tamén e, sobre todo, na segunda e máis propia acepción: era a voz da etnia galega, quen dera mellor expresión que ninguén ó fondo cultural dos galegos en canto comunidade cun patrimonio de pretérito e un proxecto de futuro (8).

5. Por esta “recepción popular” en senso forte é polo que, en definitiva, se explica a difusión, a divulgación, que tivo a súa obra e que se mantén deica hoxe. De todos modos, nunha acepción ou noutra, sería demasiado inxenuo pensar que a popularización da escritora se debe unicamente á lectura persoal dos seus escritos. Por ese medio é como, principalmente, ocorre a *transmisión* culta, pero non abonda para unha recepción tan popular como a que ocorreu neste caso. Primeiro, porque a xente, mesmo a xente culta, pasada a adolescencia, rara vez le libros de poesía. Segundo: porque ata no caso de persoas cultas, a función de ler non é algo “anxélico”, de *ego* puro a *ego* puro. Aínda cando alguén le en solitario e xuigándose plenamente libre leva canda el un plural. Ninguén le en pura singularidade íntima: cando nós, aínda

(8) “Muchos de sus versos pasaron de tal modo al dominio público que, entre los cuentos populares que he recogido, vinieron bastantes de los suyos, atribuídos ya a la musa popular. En un sermón de carnavales en La Coruña, habiendo su autor intercalado en él la glosa de “San Antonio bendito”, la muchedumbre, que desconocía semejantes versos, se decató en aplausos, y pidió una y dos veces su repetición. Y digo desconocía, porque todavía no se había hecho la segunda edición del libro y la primera apenas corría más que entre unos pocos. Otro tanto pasó en Madrid. Se representaba el sainete de Don Juan de la Cruz *Las castañeras picadas*, y al que hacía el papel de mozo de cuerda se le ocurrió recitar en cierta escena, en vez de los versos del autor, los de *Adios rios, adios fontes*, que se hicieron repetir cuatro veces por gentes ajenas al país gallego” (M. Murguía, *Los Precursores*, p. 194, nota. Ed. cit.).

que non nos decatemos, levamos unha constelación de supostos e xuicios alleos que nos influen nunha dirección ou noutra. Dando, pois, por suposta a lectura como base, porque tratándose de escritos de aí ha de arrincar todo, compre detectalos procedementos que, nunha continúa retroalimentación (*feed-back*), manifestan e contribúen a reforzar esa que, nunha acepción ou outra, chamamos “popularidade” dun escritor. O caso de Rosalía, por circunscrito a un ámbito ben determinado, permite, como poucos, detectalos. Eis algúns deles en breve alusión, á que soamente cómpre anticipar que neste caso non houbo ningunha institución política ou económica que organizase e instrumentalizase esa propaganda, xa que o único interés que puido haber —un interés político galeguista— antes xurdía desa mesma poesía que esguizaba o interés por ela.

1) *Os actos e ceremonias*. Pénsese canto influíu o traslado e despois o sarteo mesmo en Santo Domingo, gromo do futuro “Panteón de Galegos Ilustres”, e máis tarde a reconstrucción da Casa-Museo, primeiro como ideal de loita e, desde 1971, como presenza evocadora. Así mesmo a tradicional “Misa de Rosalía” o 25 de xullo coa “ofrenda floral”, etc.

2) *As veladas literarias*. Case en desuso hoxe, miramos con certo desdén esas declamacións públicas que nos saben a exercicio escolar e cousa algo colexial, pero en tempos pasados foron un costume social e tiveron a súa eficacia. Ademais, nelas as señoritas de boas familias lucían os seus “engados naturais” recitando algún poema ou cantando algunha partitura. Para unha burguesía desleigada ou en tentación de selo como era a galega, esas veladas contribuían a prestixiar todo o enxebre, sempre en perigo de se extinguir asoballando pola presión da lingua castelá e dos prestixios españois.

3) *As crónicas de prensa*, a miúdo con ilustracións gráficas. Abonda lembrar, para mostra, a enchente de información que houbo desde o ano 1946 en torno á reconstrucción da Casa-Museo, ás veces con lendas verdadeiramente pintorescas (9).

4) A que chamarei *literatura “de evocación”* —poemas sobre Rosalía, artigos de comentario libre, discursos de louvanza— para diferenciala do comentario erudito ou analítico, máis propio da transmisión culta. Neste ámbito o mencionado número extraordinario de “La Patria Gallega” en 1891 significaría o inicio dun movemento que xa non ten cesado desde aquela. Tamén as flores poéticas se murchan e non son moitos os versos daquel ramallo de 1891 que seguen vizosos. Hai, sen embargo, un poema —o de Curros Enríquez: “Do mar pola orela” — que non será esquecido mentres non o sexa a propia poeta.

(9) O “Heraldo de Vivero” de 26 de xullo do 1969 publicaba un artigo firmado por G.C. segundo o cal a Casa de Rosalía fora mercada, con mentes de restaurala, por “una rubia dama venida de Londres”. En realidade ía para trece anos que a mercaran con tal propósito dous comerciantes de Santiago e xa o Patronato Rosalía de Castro procedera a unha restauración de urxencia.

5) *As composicións musicais sobre textos rosalianos*. Sexa a peza de Montes sobre a “Negra Sombra” ¿Qué galego, aínda que non o lera nunca, non coñece, grazas a esa música, algún verso e non albiscou o tono xeral do poema?

6) Para remate conviña deixar algo que a miúdo esquecen literatos e *litterateurs*, pero que ten cumprido tamén o seu papel neste proceso de popularización. Estoume referindo ó

7) *O material icónico*, principalmente os monumentos públicos —estatuas, bustos, retratos, e mesmo o de tipo alusivo como placas, rótulos, etc.— con todo o que o acto da inauguración leva de liturxia e espectáculo e con todo o que a contemplación conleva de excitante da memoria e da sensibilidade. Un ten a sospeita de que, noutro tempo, co consabido monumento a Rosalía querían os elementos máis galeguistas contrapesa-los monumentos que, pola súa banda, erguían ó almirante Méndez Núñez, Concepción Arenal ou o Padre Feijoo o elemento oficial españolista. Sexa disto o que fose, eis a continuación unha mostra desa plural lembranza icónica en puntos diversos e por orde cronolóxica:

1891: sartego en Santo Domingo de Bonaval

1917: estatua no Paseo da Ferradura (Santiago)

Anos 30: rúa en Montevideo.

1954: monumento no Porto (Portugal)

1957: estatua en Padrón

1970: inauguración da Casa-Museo

1981: busto na Rosaleda de Palermo (Buenos Aires).

Esta lista non quere ser máis ca unha escolma, porque a ela compriría engadi-los retratos de pintores e fotógrafos, os carteis, estatuíñas, medallas... Ademais Rosalía ten dado nome a unha enchente de rúas, centros docentes, coros, asociacións culturais e mesmo marcas comerciais.

A mención en detalle de todas estas mostras e factores de popularidade poderalle parecer ociosa e anecdótica, se non algo peor, ó exclusivista do libro e da letra, “o príncipe que todo o aprendeu nos libros”. Sen embargo, a eficacia destes e outros detalles semellantes ten sido, sen dúbida, moi superior cá de moitas monografías moi sabias. Realmente Rosalía, aínda séndoo tamén, é moito máis ca un mero fenómeno literario. A ser *res litteraria* gáñanlle moitos escritores por máis editados, traducidos e glosados. Onde non resulta fácil toparlle par entre poetas é na recepción popular, na dobre acepción deste adxectivo: popular por sentida mesmo pola xente culturalmente menos calificada e por voz dun pobo. Cumpriuse neste punto un recíproco “recoñecemento”. Un día, cando xa era escritora de temas xerais en castelán, a poeta “recoñece” a Galicia como a súa patria e, como consecuencia, outro día Galicia “recoñece” a ela como a súa voz poética. Conio resultado diso a escritora pasaría a ser tamén un fenómeno de transcendencia social: algo que vai conectado cos costumes, coa fala, co enxebre, coa emigración, coas queixas e anxeios profundos da súa Terra e cos “ismos pertinentes” (enxebatismo, galeguismo). Ela mesmo o quixo, como pode

comprobar quen lea amodo o prólogo a *Cantares Gallegos*, que ten tanto de manifesto civil como de manifesto literario. Con razón anos despois, referíndose a este libro, diría retrospectivamente no prólogo a *Follas Novas*: “Non era cousa de chamar ás xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesma levantara”. Por isto de “chamar á guerra” e de “levantar unha bandeira” entra tamén no marco semántico do galeguismo —en contraste con “patria”, “aldraxe”, “nos”...— e este actuou como un factor máis de popularización da poeta.

6. Quixen co que vai dito apuntar —nada máis apuntar— un aspecto do que non sempre se está bastante consciente, porque os estudiosos da literatura, como esta se transmite pola “letra”, facilmente pasan por alto que un escritor pode ser máis ca mero elemento do mundo da letra e da escrita —da “literatura” e a “escritura”—. Pensando así tampouco terán en conta máis que a transmisión e resposta culta, e calcularán que soamente a “bibliografía” importa. Sen embargo, a popularidade —cando non é resultado dunha mera argallada publicitaria— denuncia algo intrínseco do escritor. Non a todo ruído resoa o diapasón: se este contesta é que alí hai en común unha nota determinada.

Claro que a toda “recepción” élle propio o que non ocorra sen unha certa acomodación (... *ad modum recipientis*), e isto había de ocorrer tamén neste caso. Fóra de recepción popular quedou a prosa e mailo sector da obra poética en castelán sen contido galego. Esta parte da súa produción era o característico e exclusivo da escritora en canto mera “literata” da súa época. Nin o máis valioso nin se cadra o máis auténtico, pero si o exclusivo dela, iso que non podía ter máis ca unha transmisión de persoa culta a persoa culta. O que o pobo galego “recibiu” foi o vencellado con Galicia ou por tema ou por idioma e o que con iso conecta dalgún xeito.

Esta distinción explica o diverso éxito: A prosa e maila poesía non galega quedaría logo como cousa da época e, polo tanto, “superado” ou “marcado” en canto cambiou a sensibilidade, aínda que agora se estea beneficiando da compañía e mesmo sexa obxecto de revivencia “anacrónica” que non sempre merece (10). En todo caso, por ese costado pertence Rosalía ó romantismo serodio e xa non pasa de ser asunto de historiadores e analistas da literatura. A outra parte, en cambio, segue e seguirá viva, aínda a pesar das peculiaridades da escritora, e do cambio de sensibilidade, porque é “patrimonio” dun pobo, propiedade común dunha “patria”. Por esa parte da súa obra vive e vivirá a poeta: porque nela vivimos e transvivimos os demais.

Ora ben, disto non se deba extrae-la consecuencia de que sexa superior o máis elemental e compartible. Nunha acepción meramente cuantitativa, por popular enténdese aquilo polo que a maioría son afectado e tal como son afectados, e tal condición xa se sabe que o cumprirá o máis espontáneo e inmediato ou sexa as emocións máis

(10) Con discutible gusto tense feito recentemente unha edición popular do libriño “A mi madre”. Non gaña moito o prestixio da escritora con que se fagan edicións populares de producións súas que quedaran superadas e, en certo modo, refugadas pola súa posterior maduración persoal.

vulgares. Non por se-los máis divulgados e máis compartibles —neste senso o máis “popular” — os poemas do tipo “Adios rios...”, que glosan a saudade do emigrante, son estes a Rosalía superior. Niso reside mesmamente a grandeza do gran poeta: que afecta a moitos —potencialmente a todos—, pero a cada un ofrécelle a posibilidade de profundizar indefinidamente conforme as capacidades e matices da sensibilidade de cadaquén. Ser poeta popular significa, ante todo, axeitarse a ese pobo, pero desde el permitirlle a cada un achegarse ó universal poético conforme coa diversa capacidade de penetración da cada cal. Tamén a todos está aberto o mar, pero cada quen chegará por el ata onde llo permitan as capacidades do barco e as habilidades do piloto.